

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 16 DE ABRIL DE 2012.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D. José Manuel González Álvarez

D^a Ana María Abad López

D^a María Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Marco López López

D. José Manuel López Hermida

D. Alberto Santos Vázquez

D. Manuel Angel Meitin Rouco

Secretario:

D. Luís María Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día dezaseis de abril de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 13 DE FEBREIRO DE 2012.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 13 de febreiro de 2012.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión anterior de 13 de febreiro de 2012.

2º) CONTA XERAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2011. APROBACIÓN DEFINITIVA. ADOPCIÓN

DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do dictame da Comisión Informativa de Contas de data 4 de abril de 2012 que a seguir se transcribe integramente:

“1º) CONTA XERAL DO PRESUPOSTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE O EXERCICIO DE 2011. INFORME.

Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente da Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio de 2011, elaborada pola Interventora Municipal, integrada polos seguintes estados:

- *Balance*
- *Conta do resultado económico patrimonial*
- *Estado de liquidación do presuposto*
- *Memoria*

Inclúese igualmente no expediente de razón, a liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2011, aprobada por decreto de Alcaldía de data 23 de xaneiro de 2012, así como o preceptivo informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Dáse conta igualmente que a Conta Xeral do 2011 unha vez ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 9 de febreiro de 2012 foi sometida ao preceptivo

trámite de información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 41 de data 18 de febreiro de 2012.

Obra no expediente certificación de Secretaría, na que se acredita que no prazo de exposición pública non se presentou ningunha reclamación.

Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez e Meitin Guerreiro e coa abstención do Sres. López López e Santos Vázquez quen manifestan que se pronunciarán no Pleno; acorda :

1º) Informar favorablemente, a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio 2011 e elevala para o coñecemento e se é o caso aprobación polo Concello Pleno.”

Aberto o debate, polo Sr. López López manifestase que o BNG vai votar a favor da aprobación da conta xeral para facilita-la súa fiscalización por parte do Tribunal de Contas e mailo Consello de Contas, sen que dita aprobación signifique conformidade coas actuacións nela reflexadas.

Rematado o debate, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros acorda, acorda aproba-la Conta Xeral correspondente ó exercicio presupostario de 2011.

3º) RENDICIÓN DE INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (1º TRIMESTRE DE 2012). DAR CONTA.

Por Secretaría e maila Interventora Municipal dáse conta á Corporación Municipal do informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

4º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2012 Nº: 3/2012 POR IMPORTE DE 68.900,00€. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de crédito do epígrafe e da documentación e informes preceptivos, obrantes no expediente.

Dáse conta asimesmo da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE ALCALDÍA

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a inexistencia de crédito en unha partida do Estado de Gastos referida ao proxecto de investimento ao que se refire a Providencia desta Alcaldía que inicia o expediente.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 1.664.576,48 euros.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaplazable nos seguintes argumentos:

- Dótase o crédito necesario para facer fronte á adquisición de un remolque para transporte de motores e equipos para a motobomba debido aos problemas detectados no existente cando se trata da inspección técnica de vehículos.

-Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da subvención solicitada á Diputación Provincial para instalacións deportivas para suministro e colocación de paneis para forrado de paredes no pabellón polideportivo municipal

-Dótase o crédito necesario para facer fronte á construción dun anexo á Casa do Concello-pabellón para a instalación dunha caldeira de biomasa.

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto</i>	<u>AUMENTO</u>	<i>Consignac. Final</i>	<u>FINALIDADE</u>
161.624	Saneamento, abastecemento e distribución de auga	0,00	7.000,00	7.000,00	<u>ADQUISICIÓN REMOLQUE PARA MOTOBOMBA. (P. 10/12)</u>
342.622	Instalacións deportivas. Investimento en edificios	0,00	8.900,00	8.900,00	<u>FORRADO DE PADERES DO PABELLÓN MUNICIPAL. (P. 11/12)</u>
920.622	Administración xeral. Investimento en edificios	0,00	53.000,00	53.000,00	<u>CONSTRUCCIÓN DE ANEXO PARA INSTALACIÓN DE CALDEIRA DE BIOMASA (P. 12/12)</u>
TOTAL			68.900,00		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.011.

En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 3/2012 de Modificación de Créditos por importe total de SESENTA E OITO MIL NOVECENTOS EUROS (68.900,00 €)".

Enterado, o concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 3/2012 do Orzamento Municipal de 2012 por importe de 68.900,00€ reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

5º) DESIGNACIÓN DE XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE XOVE. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente incoado para o nomeamento de Xuíz de Paz substituto do Concello de Xove a instancias do escrito remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Polo Alcalde sinalase que a única solicitude presentada por D. Enrique Peña Castro, reúne tódolos requisitos para o exercicio axeitado do cargo de Xuíz de Paz substituto.

Visto o expediente de referencia, o Concello Pleno cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitin Rouco, López López, López Hermida, e Santos Vázquez, que representan a totalidade do número legal de membros da Corporación; acorda seleccionar para desempeña-lo cargo de Xuíz de Paz sustituto do Concello de Xove a D. Enrique Peña Castro, titular do DNI 77.594.946-F, e que na actualidade presta os seus servizos como operario de planificación e expedición na mercantil Aluminio Español S.A. e remitir copia completa do expediente tramitado á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de A Coruña.

6º) RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN NA XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA SANCIONADORA POR INFRACCIÓN DAS NORMAS DE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL COMETIDAS NAS VÍAS URBANAS DO CONCELLO DE XOVE. RATIFICACIÓN OU REFRENDO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación Municipal da resolución de Alcaldía do epigrafe que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,

VISTO que na actualidade o Concello de Xove carece de Corpo de Policía Local.

VISTO que o exercicio da competencia sancionadora en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor y seguridad vial, por las infraccións cometidas en las vías urbanas del Concello de Xove requiren cada vez máis unhas maiores exixencias en materia de persoal (traballos de prevención, vixilancia, tramitación administrativa, etc.,) e sobre todo en medios materiais (alcoholímetros, radares de medición da velocidade, básculas, depósitos para a inmovilización de vehículos , etc...) para garanti-lo correcto exercicio da citada competencia.

VISTO que o articulo 71 do Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, na súa nova redacción dada pola Lei Orgánica 15/2007, de 30 de novembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal en materia de seguridad vial, establece no seu apartado cuarto que a sanción por infracción de normas de circulación cometidas en vías urbanas corresponderá aos respectivos Alcaldes, os cales poderán delegar esta facultade de acordo coa lexislación aplicable.

Polas razóns anteriormente expostas e ó abeiro do disposto no apartado quinto do citado articulo 71 del Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, igualmente reformado por la disposición final primeira de la Lei Orgánica 15/2007, de 30 de novembro,

ACORDO

PRIMEIRO.- Delegar no Xefe Provincial de Tráfico da provincia de Lugo as competencias municipais en materia sancionadora por infraccións ás normas de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridad vial na vías urbanas do Concello de Xove.

SEGUNDO.- Dar conta o Pleno Corporativo, para coñecemento e refrendo, da presente Resolución.

Así resolvo, mándoo en asínoo en Xove a trece de marzo de dous mil doce.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que a finalidade da Delegación transcrita é axilizar a tramitación dunhos expedientes bastante complexos.

Polo Sr. López López, manifestase que si o obxectivo que se persegue con esta Delegación é axilizar trámites administrativos, o BNG estaría de acordo, máis se a verdadeira razón é a de evitar enfrontamentos con veciños, o BNG discreparía.

Remata a súa intervención o Sr. López López sinalando que en calquera caso,este tipo de delegacións deberían de adoptarse a través dalgún órgano supramunicipal para intentar acadar un mínimo de coordinación con outros concellos.

Polo Sr. Alcalde sinalase que a Delegación e potestativa e na súa consecuencia corresponde aprobala ou non a cada Concello.

Polo Sr. Santos Vázquez sinalase que tamén vai votar en contra, porque por principio non está de acordo con renunciar a competencias.

Rematado o debate, a Corporación cos votos favorables dos Sres./Sras. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López e Meitin Rouco e co voto en contra dos Sres. López López, López Hermida, e Santos Vázquez, acorda refrenda-la resolución de Alcaldía anteriormente transcrita e remiti-la solicitude á Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo.

7º) ESCRITO PRESENTADO POLA ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA MARIÑA LUCENSE (A MARIÑA – COGAMI) INTERESANDO A AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A DETERMINACIÓN DUNHA NOVA DATA DE INICIO DO PRAZO DE DURACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA DE UNHA PARCELA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE RECURSOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE APROBADA POLO CONCELLO PLENO EN SESIÓN DE DATA 13 DE OUTUBRO DE 2008. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó escrito do epígrafe rexistrado de entrada co número 1040 con data 11 de abril de 2012.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda que o prazo de 20 anos de duración da cesión gratuít da parcela de titularidade municipal, ubicada en Urbanización Palmeiro, mazá O de 2.041,76 m² a favor da Asociación de persoas con discapacidade da Mariña Lucense (A Mariña – COGAMI), para a construción e posta en marcha dun centro de recursos para persoas con discapacidade, aprobada definitivamente na sesión plenaria de data 13 de outubro de 2008, comece a contarse a partir da data de formalización da escritura pública de obra nova do Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade anteriormente referenciado.

8º) ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA, SALUBRIDADE E ORNATO DE ESPACIOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do texto da ordenanza do epígrafe.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifesta que o obxectivo desta ordenanza é de contar con habilitación legal para prevenir e nos casos de reincidencia, sancionar condutas e actividades incívicas, que poden ocasionar problemas de salubridade pública, como poden ser cambiar aceites de vehículos na vía pública, non recoller os excrementos dos animais de compañía, introducir animais en zonas de xogos infantís, etc. etc.

Polo Sr. López Hermida manifestase que o BNG, máis aló de matizacións puntuais ó texto da ordenanza, considera que antes de traer á aprobación do Concello Pleno este tipo de ordenanza, deberíase de contar coa opinión e a aportación de tódolos grupos políticos e mesmo doutros colectivos ou asociacións, xa que na regulación destes temas hai que ser moi regurosos e

prudentes para evita-lo risco de crear problemas moito mais graves que os que se pretenden solucionar.

Remata a súa intervención o Sr. López Hermida, sinalando que en calquera caso, considera que esta ordenanza parece pensada para unha vila de características totalmente urbanas, e que polo tanto non parece que sexa axeitada a realidade dun concello basicamente rural como é Xove, razón polas cales solicita que no se actúe con precipitación.

Polo Sr. Alcalde reitéranse cales son os obxectivos que se perseguen con esta ordenanza, engadindo que non ten inconveniente en deixar sobre a mesa o asunto, para recabar calquera clase de opinión ou suxerencia que sirva para mellorar o seu texto.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros, ó abeiro do disposto no Art. 92.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales, acorda a retirada do expediente do epígrafe.

9º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INTERESANDO A MELLORA DOS ACCESOS O ANTIGO COLEXIO DE PALMEIRO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación Municipal da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente presenta a moción que segue para o seu debate plenario:

MOCIÓN PARA A MELLORA DOS ACCESOS Á ANTIGA ESCOLA DE PALMEIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escola que se sitúa na Urbanización Palmeiro foi mudando de función desde que deixou aquela para a que fora creada, isto é: a de ser un centro da Consellaría de Educación.

Hoxe en día é, sen dúbida, un dos lugares con máis actividade social do Concello, sendo lugar de ensaio da Escola Municipal de Música e sitio onde outras asociación culturais realizan as súas actividades.

A antiga escola foi rehabilitada tanto no seu interior coma na súa cuberta en época recente. Porén este acondicionamento non foi acompañado dunha mellora dos accesos ao edificio, que a día de hoxe se mostran como insuficientes, por estreitos, e mesmo perigosos por carecer dun balado de protección do lado do terraplén que se encontra subindo a man esquerda.

Ademais bótase en falta un acondicionamento do entorno da escola; moitas veces cheo de cascallos dos camiións de madeira e autocargadores que usan a pista de acceso e onde mesmo, en ocasións, se amorea a madeira pinchada nos montes próximos.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar o goberno do Concello de Xove a fin de que amplíe e acondicione os accesos á escola de Palmeiro.

Exhortar o goberno municipal para que acondicione o entorno da escola en harmonía coas obras realizadas nela e coas función que hoxe ten.

Solicitalle ao executivo local que tome cantas medidas lle sexan propias para manter dignas e en bon estado todas estas melloras no caso de levarse a termino.”

Aberto o debate, polo Sr. López López explicase o contido e obxectivos da moción transcrita.

Polo Sr. Alcalde sinalase que o Grupo de Goberno tiña previsto executar dita obra de mellora dos accesos ó antigo Colexio de Palmeiro, valorados según o presuposto realizado polos Servizos Técnicos Municipais núns 20.000 €.

Engade o Sr. Alcalde que unha vez coñecida a denegación por parte da Deputación da subvención solicitada para o mesmo fin pola Asociación de Veciños de Palmeiro, o Concello procederá coa maior brevidade posible a executar dita obra.

Rematado o debate, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, por unanimidade do número legal de membros da Corporación e o abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

10º) PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO PROXECTO: APROVEITAMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES RELACIONADA CO CICLO DA AUGA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta o epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove;

TENDO EN CONTA que:

A sostenibilidade financeira dos servizos públicos locais constitúe un dos retos máis importantes a que se enfrontan os concellos neste momento, configurándose como unha dimensión estratéxica pola que todos nos sentimos concernidos, na medida en que esixe a adopción de políticas de ingresos e gastos coherentes con este escenario, co obxectivo de garantir o mantemento da rede de servizos locais propios dunha sociedade avanzada, identificando e desenvolvendo medidas de mellora da suficiencia financeira e de eficiencia no gasto público local.

No mesmo sentido, a sostenibilidade ambiental amósase como un marco referencial obrigado para o desenvolvemento económico local.

A consciencia das limitacións inherentes ao marco local, tanto no que se refire á vérteme dos ingresos, como das medidas de sostenibilidade ambiental, non debe supoñer en ningún caso unha autolimitación apriorística para o desenvolvemento de iniciativas locais innovadoras que resposten axeitadamente a estes retos. Moi ao contrario, debe ser un acicate para tratar de desenvolver accións e proxectos encamiñados na dirección da sostenibilidade ambiental e financeira.

A Deputación provincial de Lugo está a promover diversas accións de mellora da eficiencia enerxética nos concellos, entre as que está o aproveitamento das enerxía renovables ligadas ao ciclo da auga.

O Concello de Xove pretende desenvolver, conxuntamente con outros da provincia, un proxecto de aproveitamento das enerxías renovables residuais relacionadas co ciclo da auga, tratando de poñer en valor aquelas que puideran derivarse da explotación do potencial de produción enerxética do caudal do abastecemento municipal de auga, mediante a instalación dunha turbina ou minicentral nun "by pass" na tubería xeral descendente do depósito regulador antes da derivación á rede de distribución en baixa.

A implementación do proxecto seña en dúas fases:

Primeira, de análise, estudo e avaliación dende o punto de vista técnico, económico, e xurídico, coa finalidade de determinar a viabilidade do mesmo.

Segunda, de tramitación conxunta dos correspondentes procedementos administrativos para materializar o aproveitamento pretendido, nos supostos en que se acredite a viabilidade técnica, económica e xurídica do mesmo.

Este concello non dispón de medios técnicos para o desenvolvemento do proxecto na súa primeira fase, e a articulación de procedementos conxuntos entre diversos municipios da provincia, procurando economías ligadas a escala, fai necesaria presenza. dun ente intermunicipal ao que encomendar a xestión dos mesmos, ente que non é outro que a Deputación provincial.

O artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, configura a encomenda de xestión como un encargo que ten por obxecto incorporación de medios dos que non dispón a administración titular da competencia -administración encomendante- aportados pola administración encomendada, coa finalidade de levar a cabo as actividades materiais, técnicas e de xestión necesarias para o exercicio desa concreta competencia por parte do encomendante, competencia que segue residenciada neste.

A disposición citada establece que a encomenda de xestión poderá levarse a cabo cando se deán algún dos seguintes presupostos: razóns de eficacia e falta de medios técnicos idóneos.

Con fundamento en canto se deixa exposto,

PROPONSE a adopción do seguinte acordo:

Primeiro- Encomendar á Deputación provincial de Lugo a xestión do proxecto "aproveitamento das enerxías renovables relacionadas co ciclo da auga".

A encomenda de xestión terá por obxecto as seguintes actuacións materiais, técnicas e de xestión:

a.- A realización do estudo técnico, económico e xurídico no que se avalíe a viabilidade do proxecto.

b.- No suposto de que se acredite a viabilidade económica, técnica e xurídica do proxecto, encomendase a xestión dos procedementos administrativos pertinentes para materialización do mesmo, con tramitación conxunta aos municipios adheridos nos que se acredite a viabilidade.

Segundo.- O Concello de Xove obrígase a colaborar coa Deputación provincial en todo o necesario para a realización dos estudos obxecto da primeira fase da encomenda, así como a ditar os actos administrativos precisos que deán soporte ou nos que se integren as actividades de xestión do procedemento conxunto de adxudicación da explotación enerxética obxecto da segunda fase da encomenda.

En todo caso, a colaboración do concello non suporá achegas de carácter económico.

Terceiro.- A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade da competencia municipal nin dos elementos substantivos do seu exercicio atribuídas a este Concello.

Cuarto.- O prazo de vixencia da xestión encomendada será de tres meses para a primeira fase e nove para a segunda, a contar desde a firma do convenio de formalización da encomenda de xestión, podendo prorrogarse previo acordo das partes.

Quinto.- A encomenda de xestión formalizarse no correspondente convenio e terá efectos desde a sinatura do mesmo polas administracións participantes. Non obstante o anterior, a efectividade da segunda fase da encomenda vira diferida á data da sinatura da correspondente addenda ao

convenio asinado, na que se concretará definitivamente o obxecto da mesma en función dos estudos técnicos, económicos e xurídicos obxecto da primeira fase.

Sexto.- Facultar, ampla e expresamente ao señor Alcalde-presidente, para que en nome e representación do concello asine o convenio no que se formalice a encomenda de xestión así como para ditar todos os actos necesarios para a execución do acordado.

Sétimo.- Que se proceda á publicación na forma legalmente prevista.”

Enterado o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

Fora da orde do día da sesión, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitín Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, Meitín Rouco, Iglesias Guerreiro e Santos Vázquez que representan a maioría absoluta do seu número legal de membros e, co voto en contra dos Sres. López López e López Hermida; ó abeiro do disposto no artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, acordou entrar no debate e votación do seguinte asunto:

11º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE OS CUSTOS DERIVADOS DA TARIFA ELÉCTRICA E O APOIO Á COMPETITIVIDADE DA EMPRESA ALCOA EN GALICIA. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Antes de entrar no debate do asunto, polo Sr. López López manifestase que o BNG ten votado en contra de tratar este asunto pola vía de urxencia, por considerar que un acordo adoptado consensuadamente por tódolos grupos políticos con representación no parlamento galego debía de ser refrendado a nivel municipal a través dunha moción conxunta e consensuada por tódolos grupos municipais.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde dáse conta da moción do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Xove a través do seu portavoz D. José Manuel González Álvarez en base á lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE OS CUSTOS DERIVADOS DA TARIFA ELÉCTRICA E O APOIO Á COMPETITIVIDADE DA EMPRESA ALCOA EN GALICIA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa multinacional do aluminio Alcoa, con centros de traballo en San Ciprián e A Coruña, representa para A Mariña lucense o seu principal motor económico e laboral. De feito, os últimos datos coñecidos, indicaban que a factoría mariñá xera máis de 1.700 empregos directos e máis de 500 indirectos. Alcoa, ademais de ser unha das mellores factorías de alúmina-aluminio do mundo, é unha das empresas máis importantes desde o punto de vista industrial de Galicia. Así por exemplo é clave para provincias como a nosa, a de Lugo, xa que só a actividade de Alcoa representa o 30% do PIB lucense.

Dada a importancia que este proxecto industrial ten en Galicia -e para A Mariña en particular- resulta evidente a necesidade de priorizar todos os apoios que se estimen necesarios para o mantemento da súa actividade, a viabilidade futura da empresa e do volume de emprego a ela asociada. Tras o acceso á responsabilidade de goberno na Xunta do Partido Popular, déronse pasos nesta liña como son os convenios de colaboración asinados con Alcoa San Ciprián e Alcoa A Coruña para pór en marcha un proxecto de gasificación destas plantas, que supuxeron a

mobilización duns investimentos de máis de 2,6 millóns e 1,5 millóns de euros respectivamente. O apoio da Consellería de Economía e Industria a esta compañía permitirá a substitución do combustible actual, fuel-oil, por gas natural nos procesos produtivos das factorías así como o impulso definitivo ao inicio da tramitación do Gasoduto da Mariña. Con todo, o principal reto da compañía está no custo derivado da tarifa eléctrica que paga. Para empresas como Alcoa, grandes consumidores de enerxía -con consumos equivalentes a 33.000 fogares- a factura eléctrica representa un dos gastos máis importantes da súa conta de explotación: seis veces o custo de amortizacións e cargas financeiras, tres veces o custo da man de obra directa, dúas veces a suma dos gastos fixos máis gastos de mantemento, administración, xerais e de vendas.

Neste campo os máis de 24 mil millóns de euros de déficit da tarifa eléctrica herdados tras a máis que cuestionable xestión de dúas lexislaturas socialistas no Estado -só en oito anos multiplicaron por 17 este déficit tarifario- obrigan a unha revisión forzosa do marco enerxético do noso país e, polo tanto, a unha variación das tarifas a particulares e empresas. Ao obxecto de contribuír ao debate sobre o novo réxime tarifario e facelo desde a defensa dos intereses de Galicia tanto o Goberno galego como o Parlamento de Galicia teñen adoptado unha serie de acordos que, trasladados ao Ministerio de Industria, buscan conseguir que se adopten as medidas precisas para que Alcoa en Galicia e en España, manteña como mínimo os niveis de emprego actuais. Na procura de reforzar estas reivindicacións, o Partido Popular estima necesario sumar aos distintos concellos e ao conxunto dos integrantes das Corporacións Locais da Mariña lucense. Faino como un exercicio de responsabilidade coa principal industria da comarca. E ademais en base ao texto consensuado e aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 10 de abril de 2012. É polo que somete á consideración das e dos concelleiros a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación municipal asume como propia a moción aprobada por unanimidade no Pleno do Parlamento de Galicia que tivo lugar o 10 de abril de 2012 e, en consecuencia acorda:

- 1.º) Trasladarlle ao Goberno de España a recomendación de impulsar un acordo urxente de prezos entre as empresas produtoras de electricidade e os grandes consumidores, que implique unha minoración dos actualmente vixentes ata o 31 de decembro, e un horizonte superior a cinco anos, que faga posible o desenvolvemento dos plans estratéxicos das industrias afectadas.*

- 2.º) Solicitar unha revisión das tarifas de acceso para os grandes consumidores de enerxía que inclúan só e exclusivamente os custos asociados ás redes e aos de operación do sistema.*

- 3.º) Instar que se manteña o servizo de xestión de interrumpibilidade da demanda.*

- 4.º) Dirixirse á Xunta de Galicia para que poña en valor o carácter estratéxico das plantas de Alcoa en Galicia, pola súa produción de alumina e aluminio, polo súa achega ao valor engadido e polo volume de emprego xerado.*

Enterado o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros, acorda aproba-la moción do epígrafe anteriormente transcrita.

12º) ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría dáse lectura ao escrito asinado polo Sr. Alcalde-Presidente, contestando ás preguntas plantexadas polo Grupo Municipal do BNG na anterior sesión plenaria, celebrada con data 13 de febreiro de 2012, que a seguir se transcribe ao igual que as preguntas referenciadas:

- 1º) Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente EXPON:*

O Goberno Central vén de aprobar o Real Decreto-Lei 20/2011, de medidas urxentes en materia orzamentaria, que inclúe o incremento do Imposto de Bens Inmóveis de Natureza Urbana (IBI). Neste RDL, o Goberno Central do PP impón unha suba dos tipos de gravame do IBI que non poderá ser inferior a 0,50 no 2012 e a 0,60 no 2013; e varía entre o 10%, 6% e 4% en función da antigüidade da revisión catastral -antes de 2002 (10%), entre 2002 e 2004 (6%), e entre 2008 e 2011

PREGUNTAS:

Tendo en conta a situación económica municipal cualificada de "moi boa" en diferentes ocasións por membros do goberno xovense, ten pensado o executivo local algunha actuación para compensar este incremento impositivo practicado polo Partido Popular desde o goberno do Estado?

Apoia o goberno municipal de Xove esta invasión das competencias locais e a inxerencia do goberno do Estado nos mecanismos tributarios e na autonomía financeira do noso Concello?

RESPOSTA DO ALCALDE: Calificar de “ moi boa “ a situación económico – financeira do Concello de Xove que a data de hoxe non ten nin unha soa débeda nin a curto, nin a medio nin ó longo prazo, que a data de hoxe non debe nin ten en mora un só euro cos seus provedores, e que ano tras ano elabora e rinde en prazo e con rigor as súas contas e as somete, sen ningún tipo de problema, á fiscalización externa do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, non parece que sexa unha esaxeración.

No logro desa boa situación económico-financiera da que disfruta o Concello de Xove algún mérito terá a xestión dos asuntos municipais levada a cabo polo grupo de goberno sobre todo nos últimos exercicios nos que, a pesar da ceguera e irresponsabilidade dalgúns grupos políticos, a crise económica non era unha ameaza senón unha realidade durísima.

Dito isto e en relación coa pregunta formulada compre sinalar:

1º.- Que neste ano 2012 por razóns de estricteza legalidade; tal e como se reflicte no Informe emitido pola Interventora Municipal obrante no expediente; o Concello de Xove non pode tomar e aplicar con carácter retroactivo ningunha medida que afecte o tipo de gravame, bonificacións ou exencións do IBI.

2º.- As compensacións, que propón o BNG, en materia tributaria son total e absolutamente ilegais.

3º.- Á vista do disposto no art. 77 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, (Texto Refundido da Lei de Facendas Locais) o goberno central ao aproba-lo incremento do valores catastrais e modifica-los mínimos e máximos dos tipos de gravame que os Concellos poden aplicar, non invadiu para nada as competencias dos Concellos en relación co IBI xa que estas se limitan a fixa-lo tipo de gravame dentro dos límites fixados pola lei, recoñecemento e/ou denegación de exencións e bonificacións dentro dos límites fixados pola lei e as competencias en materia de liquidación e recadación do Imposto.

2º) *Marco López López, Concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente EXPON:*

A Consellaría de Traballo e Benestar anunciou que este ano aportará 12.000 euros para a Escola Infantil dependente do noso Concello, cantidade que sairá dun orzamento autonómico que reduciu en 2,5 millóns de euros a partida destinada ao mantemento das escolas infantís municipais para este exercicio .

PREGUNTAS:

Diante desta subvención irrisoria que veñen de anunciar, informou o goberno local á Xunta dos gastos reais que supón o mantemento a Escola Infantil de Xove?

A canto ascende a minoración da asignación autonómica para este fin en relación ao ano 2011 ? E a respecto do 2010?

Obrigará este recorte a un futuro incremento na cota mensual que veñen aboando as familias usuarias deste servizo?

RESPOSTA DO ALCALDE: Tal e como se reflicte no Informe emitido pola Interventora Municipal obrante no expediente e na Memoria da Conta Xeral que acabamos de aprobar; no ano 2011 o Servizo da Escola Infantil de Xove acadou un déficit de case 100.000,00 €, exactamente 99.250´19 €.

Como consecuencia da crise económica as aportacións ó financiamento da Escola Infantil tanto da Xunta como da Deputación Provincial no ano 2011 sufriron un importante recorte respecto de anos anteriores tal e como se reflicte nos datos aportados pola Delegación Municipal de Servizos Sociais.

A pesar de elo desde o ano 2008 en que se aprobou a última modificación, as taxas por fillo e mes que se abonan por xornada completa na escola infantil de Xove son, en función da renda da unidade familiar, de 0´00 € (na actualidade disfrutan desta gratuidade 7 nenos), 9 , 18, 27 e 30´00 € que é cantidade máxima que se paga en Xove.

Nos Concellos limítrofes as taxas que pagan os usuarios por este servizo superan na maioría dos casos os 100´00 € por fillo e mes, é dicir entre tres e dez veces máis que en Xove.

Á vista destes datos (déficit de case 100.000´00 € anuais e taxas na maioría dos casos case simbólicas) parece razoable que en vindeiros exercicios se proceda a unha revisión das taxas, revisión que en calquera caso se fará en función do nivel de renda da unidade familiar.

Polo Sr. López López preguntase ó Sr. Alcalde se os vixiantes municipais fan algún tipo de seguemento sobre o cumprimento no Concello de Xove da normativa sobre plantacións forestais; fundamentalmente no que se refire ao tema das distancias das plantacións respecto das vivendas.

Polo Sr. Alcalde contestase que ese é un tema de competencia autonómica do que se encargan os axentes forestais.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo